

Unidade 4: Acáeme ben?

Unidade 4, exercicio 4

- A como vai o quilo de sardiñas?
- A 4 euros.
- Pódeme poñer un quilo, por favor?
- Si, claro! Chégalle así?
- Bóteme dúas máis.

- Quería unhas cebolas do país.
- Canto lle poño?
- Póñame... un quilo, máis ou menos.
- Así? Está ben?
- Si, si, así xa está. Canto é?
- Son 2.50.

- Quen vai agora?
- Eu. A como están os amorodos?
- A caixa de dous quilos a cinco euros, e o quilo a tres.
- Pois dáme logo dous quilos.
- Moi ben. Queres algunha cousiña máis?
- Non. Cóbrame xa, por favor.

Unidade 4, exercicio 5, parte A

A actriz galega Uxía leva unha saia longa de cor vermella combinada cunha blusa de raias, todo de liño. Está realmente favorecida con esas cores! Ela sempre tan elegante.

A famosa gaiteira Mercedes viste nesta ocasión chaqueta a cadros e saia de lunares. Paréceme un pouco arriscado para esta gala. A chaqueta quédalle axustada de máis e a saia demasiado longa. Definitivamente, non nos gusta nada ese conxunto!

Todo o contrario que o futbolista Antón Rodiño, vestido de Chusco Barcelona. Esta noite loce unha camisa de manga longa, cuns tirantes e uns botóns dourados a xogo. Ese pantalón desgastado resalta moito a súa figura atlética, e... cunhas botas de coiro coas que semella máis alto!

Os zapatos brancos de tacón cos que nos sorprende a cantante Sabela tamén causan sensación. O conxunto de colar e pulseira de brillantes fan que destaque entre as donas asistentes. Ademais, está claro! Poñer un vestido negro sempre é acertado nestas ocasións.

A nota de humor está presente co presentador Suso Pereira. Xa nos ten acostumados ao seu estilo informal e descoidado, pero esta noite resalta especialmente por vestir unha camisola azul cunha vaca galega debuxada. Leva tamén un pantalón vaqueiro curto e unhas zapatillas brancas. Un vestiario realmente persoal e festeiro. E por suposto, sempre acompañado polas súas lentes de sol!

Unidade 4, exercicio 7, parte A

ka	camisola
ko	colar
ku	cullerada
θe	cea
θi	cinema
θa	zapato
θo	zorza
θu	zume
ke	queixo
ki	quilo

Unidade 4, exercicio 7, parte B

Encántame vivir aquí! Cando saio de bares por Ourense teño un petisco de balde con cada consumición. Acostumo facer a mesma ruta: no “Centolo” dan queixo do país, exquisito! Non pode faltar a paradiña no “Blanco Amor”, onde teñen un xamón curado moi bo. E para tomar un petisco quente, a zorza do “Cinco Cuncas”, un pouquiño picante pero que vai ben cunha cervexa fría. E se xa queremos cear, na taberna do “Xocas” teñen de especialidade a empanada de bacallau con uvas pasas, unha combinación de sabor doce e salgado. Como vou botar de menos as tapas cando marche de Galicia!

Unidade 4, exercicio 11

- Ola, bos días, podo axudarche en algo?
- Pois si, busco o talle corenta destes pantalóns porque o trinta e oito quédame moi xusto.
- Un momentíño, agora cho traio.
- Graciñas.
- Aquí tes. Querías algunha cousa máis?

- Si... eh... non atopo unha camiseta que combine con el.
- Non te preocupes. Como a queres? Manga curta, longa...?
- Mmmh... mellor de tirantes, porque xa imos para o verán.
- Moi ben. E a cor?
- Pois... tanto me ten, pero os azuis son os meus preferidos.
- Ben, entón mira, eu penso que neste andel podes atopar o que buscas.
- De acordo. Voulle botar un ollo.
- Se necesitas talle ou calquera cousiña...
- Mira, xa o decidín. Levo os pantalóns e esta camiseta de raias azuis.
- Perfecto. Así son 49'95 euros. Vas pagar en efectivo ou con tarxeta de crédito?
- En efectivo. Toma.
- Grazas. Aquí tes. Mira, este mes regalamos un vale-desconto. Tes un 5% na seguinte compra que fagas na nosa tenda.
- Ah, vale...Moi amable! Xa teño excusa para volver pronto.
- Que teñas un bo día.
- Igualmente.